As función sintácticas

| Metódo 1: **preguntámoslle ao verbo** | Función sintáctica | Método 2: **probas fiables** | Exemplos |
|---|---|---|---|
| QUEN? | **SUXEITO** | SN referido a seres animados concorda en número e persoa co verbo.<br>Pode substituírse polos pronomes tónicos eu, ti, ela, el, nós, vós, elas, eles. | Ladra moito o can. = Ladra moito el<br><br>Traballades moito ti e Helena. = Traballades moito vós. |
| QUE? | **SUXEITO** | SN referido a cousas concorda en número e persoa co verbo.<br>Pode substituírse en singular por *isto* ou *iso*; en plural por *estas/esas cousas*. | Gústame moito a música. = Gústame moito iso.<br>Gústanme moito as mazas agres = Gústanme moito esas cousas. |
| | **ATRIBUTO** | Aparece cos verbos copulativos (tamén chamados atributivos) *ser, estar, parecer* e *semellar.*<br>Concorda sempre co suxeito en xénero e número e admite a substitución pronominal. | Sara é avogada **=** Sara éo<br><br>Sara e Helena son avogad**as** = Sara e Helena sono |
| | **COMPLEMENTO DIRECTO** | Substitución polo pronome de 3ª persoa átono a/o (s), no/na (s), lo/la (s)<br><br>Transformación en pasiva (o obxecto directo da activa pasa a suxeito da oración pasiva) | Ela repara o ordenaor = Ela repárao<br>Xosé acendeu o ordenador = Xosé acendeuno<br>Ti acendes o ordenador = Ti acéndelo<br><br>[oración activa] Eu fixen o almorzo (CD) →<br>[oración pasiva] O almorzo (SUX) foi feito por min |
| | **COMPLEMENTO INDIRECTO** | Na transformación á pasiva permanece invariable.<br>É frecuente que o obxecto indirecto apareza redobrado: SN (lle, che…) + SPrep. ( a ninguén, a ti) | Xosé pediume un euro → Un euro foime pedido por Xosé.<br><br>Non lle digas iso a ninguén.<br>Dareiche as chaves a ti. |
| COMO? | **ATRIBUTO** | Aparece cos verbos copulativos (tamén chamados atributivos) *ser, estar, parecer* e *semellar.* | Alicia está content**a** **=** Alicia estáo<br><br>Alicia e Helena están content**as**= Alicia e Helena estano |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Concorda sempre co suxeito en xénero e número e admite a substitución pronominal. | | |
| | **COMPLEMENTO PREDICATIVO** | Complementa ao verbo e tamén ao suxeito ou ao complemento directo. Concorda en xénero e número con estas dúas funcións sintácticas.<br>Non admite substitución pronominal | | A muller mira absorta o xardín → ~~A muller míraa o xardín.~~<br><br>O rapaz mira absorto o xardín. (CPredicativo que modifica o verbo e o suxeito [o rapaz])<br><br>Elas deixaron as motos acesas. (CPredicativo que modifica o verbo e o complemento directo [as motos])<br><br>El deixou a moto acesa. |
| | **C. CIRCUNSTANCIAL DE MODO** | Algúns poden ser substituídos por adverbios | É invaribale.<br>Pódese substituír por ASÍ. | A muller mira con atención as flores do xardín. |
| CANDO? | **CCTEMPO** | | | A tenda abre ás nove. |
| ONDE? | **CCLUGAR** | | | Vive en Vigo. |
| CANTO? | **CCCANTIDADE** | | | Custoume moitos cartos ese pantalón. |
| POR QUE? | **CCCAUSA** | | | Non puiden durmir polo ruído. |
| CON QUE? | **CCINSTRUMENTO** | | | Abriu a porta cunha tarxeta. |
| CON QUEN? | **CCCOMPAÑÍA** | | | Foi cear cos seus amigos. |
| PREPOSICIÓN + QUE/ QUEN? | **COMPLEMENTO DE RÉXIME** | Está formado sempre por un sintagma preposicional. A preposición é esixida polo verbo (depender de, falar de, pensar en, confiar en, contar con, optar por...).<br>É substituíble por pronomes tónicos ou polo pronome neutro *niso*. | | Falaron de Lidia = Falaron dela.<br>Pensaron nas vacacións = Pensaron niso. |
| POR QUEN? | **COMPLEMENTO AXENTE** | SPreposicional nunha oración co verbo en voz pasiva (ser + participio) | | A lavadora foi reparada pola electricista. |